



BASES DO IV CONCURSO DE DEBUXO ESCOLAR “DEBUXANDO OS NOSOS CASTELOS”

O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento (IEGPS), centro mixto do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) e da Xunta de Galicia, nos seus 80 Anos, convoca o IV Concurso de debuxo escolar “Debuxando os nosos castelos” enmarcado, posiblemente, na “Semana de la Ciencia y la Tecnología” que se celebrará durante o mes de novembro de 2024.

TEMA DO CONCURSO

O obxectivo do concurso é fomentar e involucrar os máis pequenos no interese polo respecto, coidado e divulgación do patrimonio histórico-artístico galego a través da súa expresión plástica. Para iso, os participantes deberán debuxar ou ilustrar a fortaleza de San Paio de Narla (Xiá, Friol), xa sexa na súa totalidade ou parte dela.



CSIC



BASES COMÚNS

1. Participantes

Dirixese ao público escolar de educación Primaria e Secundaria, e establécense 5 categorías segundo o nivel que se estea cursando:

- Cursos: 1º - 2º de Primaria.
- Cursos: 3º - 4º de Primaria.
- Cursos: 5º - 6º de Primaria.
- Cursos: 1º - 2º da ESO.
- Cursos: 3º - 4º da ESO.

2. Técnica e realización do debuxo

A técnica será totalmente libre, podéndose utilizar todo tipo de materiais (lapis de cores, acuarelas, ceras, témperas, etc.). O debuxo deberá facerse nun soporte plano rectangular branco en formato DIN A4, horizontal ou vertical, e admitirase un único debuxo por participante.

Cada traballo debe acompañarse dun título e non figurará o nome nin a firma da persoa participante. Non se admitirán debuxos asinados.

Os traballos que se presenten serán inéditos e non poderán ter sido premiados noutros certames ou concursos.

3. Inscripción e prazo de entrega

Os debuxos serán enviados polo Centro ao correo electrónico **divulgación@iegps.csic.es** tras a súa dixitalización. Farase un único envío por cada unha das categorías establecidas.

Os debuxo dixitalizados deberán ir acompañados dun ficheiro independente no que figurará, a modo de plica, unha relación dos participantes que envían a súa proposta nesa categoría cos seguintes datos:

- Nome da autora/autor, idade, curso e título do debuxo correspondente.

Excluíranse do concurso os debuxos que non inclúan todos estes datos, así como aqueles cuxo tema non sexa o sinalado nas presentes bases.

O prazo de presentación estará aberto desde o 21 ao 25 de outubro de 2024.



CSIC



4. Xurado

Estará composto por tres membros que serán designados pola Comisión organizadora. A decisión do xurado será por maioría de votos e inapelable.

Ningún dos membros do xurado poderá ter vínculo familiar cos concursantes.

O xurado terá en conta a calidade artística e a orixinalidade da obra.

O fallo comunicárase ao centro educativo.

5. Premio

Haberá un premio consistente nun lote de libros de divulgación científica adaptados ao nivel de Primaria ou Secundaria para cada unha das categorías.

Os premios entregaranse durante a xornada inaugural da exposición *Os nosos castelos: San Paio de Narla* o día 15 de novembro de 2024.

Os traballos realizados serán cedidos á organización do concurso para a súa exposición en paneis e/ou medios audiovisuais.

6. Dereitos de propiedade intelectual

A participación neste concurso implica a cesión gratuíta ao CSIC da posibilidade de reproducir, distribuír ou comunicar publicamente os debuxos premiados a revistas, xornais, ou outros medios de difusión para as súas actividades de divulgación no ámbito nacional e internacional.

7. Aceptación das bases

O feito de participar no concurso IV Concurso de debuxo escolar “Debuxando os nosos castelos” supón a plena aceptación das bases da convocatoria e a conformidade total coas decisións que tomen tanto o Xurado como a Organización.

O incumprimento dos requisitos incluídos nestas bases invalidará a presentación no concurso.